



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/49/2014	CONYIOWX
0Z0M0U2PSF311L51052P	

ACTA PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E APERTURA DO SOBRE "B" (DOCUMENTACIÓN TÉCNICA), NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE "TRABALLOS TÉCNICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTIDAS NO II PLAN DE IGUALDADE".

Na Sala de Xuntas, ás doce horas e vinte e cinco minutos do día 28 de novembro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da prestación do servizo de "Traballos técnicos para o desenvolvemento das acción contidas no II Plan de Igualdade", formada por:

O Sr. D. José Manuel Blanco Suárez, Alcalde que actúa como presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral.

D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental.

Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario

Dna. Teresa Sabio Rodríguez, Concelleira delegada de Igualdade

Secretario de Mesa: Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación.

Na sala de reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas citadas, en cumprimento do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación dos devanditos servizos, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre "B": Documentación técnica

Antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, o secretario da mesa procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administración públicas, dándose a coñecer que unha vez abertos os



sobres "A", que contiñan a a declaración responsable conforme cumpren coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, todas as empresas licitadoras a presentaron correctamente polo que foron admitidas sen exclusións, continuando no procedemento de licitación.

Para efectos do disposto no artigo 27 do Real Decreto Lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola Presidencia, á apertura dos sobres "B" de Documentación Técnica presentados polas empresas:

- Atalaia Social S.L.N.E.
- Servicios Deportivos de Galicia S.L.
- Limpiezas Manser S.L.
- Gestión Plus Servicios Integrales S.L.
- Esproade S.L.
- Gatfor S.L.
- Telemática Galicia S.L.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real Decreto Lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e oito minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.